

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 4 de outubro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince do día catro de outubro de dous mil catro e baixo a presidencia da Excm^a. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.(1255)- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTORIA A FAVOR E RECOÑECIMIENTO DE DÉBIDA POR IMPORTE DE 51.789,59 €, A FAVOR DE “MERCCKLEY, GABINETE DE COMUNICACIÓN Y ARTE, S.L.” POR GASTOS DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do Servicio Administrativo da Alcaldía de data 24-09-04 conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, así como o informe do interventor xeral acctal. de data 27-09-04, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Acordar a indemnización substitutoria polo gasto realizado sen fiscalización previa correspondente á relación de facturas que segue.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de Merckley Publicidad que figura en cada unha das facturas relacionadas, e pola cantidade que se especifica en cada unha delas, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.00, “Publicidade Relacións Públicas”, por importe total de 51.789,85 euros, IVE incluído.

Terceiro.- Disponer o gasto a favor de Merkley Publicidad, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.00, “Publicidad Relacións Públicas, polo importe que figura en cada una das facturas da relación que segue, e que suman un importe total de 51.789,85 euros, IVE incluído:

- Nº. 4463, data de Rexistro Xeral 26/04/04, polo concepto “Bando vandalismo”, por importe de 10.833,96 euros, IVE incluído.
- Nº. 4465, data de Rexistro Xeral 26/04/04, polo concepto “Turismo, Festas, Desenvolvemento L.”, por importe de 3.884,72 euros, IVE incluído.
- Nº. 4473, data de Rexistro Xeral 04/05/04, polo concepto “Faro de Vigo, 20 módulos; La Voz de Galicia, 20 módulos”, por importe de 2.562,21 euros, IVE incluído.
- Nº. 4435, data de Rexistro Xeral 10/05/04, polo concepto “Subvencións a entidades deportivas; Programación entroido; Administración de Tributos; Recadación Voluntaria e Festas, Benestar Social, Festas, Mobilidade”, por importe de 9.496,68 euros, IVE incluído.
- Nº. 4487, data de Rexistro Xeral 13/05/04, polo concepto “Faro de Vigo, 20 módulos. Atlántico Diario, 20 módulos”, por importe de 2.589,82 euros, IVE incluído.
- Nº. 4494, data de Rexistro Xeral 20/05/04, polo concepto “*Bando Día das Letras Galegas*”, por importe de 7.955,86 euros, IVE incluído.
- Nº. 4493, data de Rexistro Xeral 20/05/04, polo concepto “*Circulación viaria-Vehículos aban. Participación Cidadán*”, por importe de 4.701,06 euros, IVE incluído.
- Nº. 4497, data de Rexistro Xeral 26/05/04, polo concepto “*Faro de Vigo, 4 módulos. Atlántico Diario, 4 módulos*”, por importe de 517,96 euros, IVE incluído.
- Nº. 4503, data de Rexistro Xeral 31/05/04, polo concepto “*Bando. Atención y Participación C.*”, por importe de 6.249,91 euros, IVE incluído.
- Nº. 4527, data de Rexistro Xeral 07/06/04, polo concepto “*Participación Cidadá. Participación Cidadá, Festas, Desenv.*”, por importe de 2.997,67 euros, IVE incluído.

2.(1256)-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, ALTA EXPTE. 5, 15.053.192.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das traballadoras sociais e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno, acorda conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Carmen Losada González. Expte. 5.
- D^a. Nieves Pérez Diéguez. Expte. 15.053.192

3.(1257)-DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA MUNICIPAL DO ARQUIVO PACHECO, PARA A SÚA DINAMIZACIÓN. EXPTE.11015/301.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do director e coordinador do Arquivo Municipal Pacheco, do 27.09.04, conformado polo concelleiro delegado de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

Dende hai tempo en informes subscritos polo Xefe do Departamento de Cultura vense manifestando a necesidade de constitución dunha Comisión Técnica Municipal da redacción do programa de actuación técnica de posta a disposición do público do Arquivo Pacheco. Así mesmo, do nomeamento dun técnico municipal responsable da dirección e coordinación do programa.

Ó nomeamento do técnico municipal responsable de dito proceso, materializouse en data 20 de setembro de 2004, en Xunta de Goberno Local, procedéndose ó nomeamento do técnico que asina o presente como Director e Coordinador do Arquivo Fotográfico Pacheco (AFP).

Restando a constitución da comisión interdepartamental, fíxose invitación a técnicos deste concello a participar nunha xuntanza o pasado venres 24 de setembro entendendo que poderían aportar os seus coñecementos e capacidade a esa Comisión Técnica.

No encontro participaron técnicos dos departamentos de cultura (Ignacio Oliveira), patrimonio histórico (Rafael Ojea), informática (Pilar López e Javier Albertos), museo “Quiñones de León” (José Ballesta), e da Casa Galega da Cultura (María Ángeles Vidal).

Dado o compromiso de tódolos presentes co proxecto, fíxose un primeiro apunte das medidas iniciais a abordar, que se poden resumir en :

- *a elaboración dun Documento Base de traballo a elaborar nos primeiros tres meses (ata fin deste ano 2004), que servirá de guía de traballo para os vindeiros anos,*
- *a realización dalgunha actividade de difusión antes da fin deste ano 2004,*
- *a posibilidade de deseñar e por en marcha algunha actividade expositiva no prazo máis breve posible,*
- *facer unha valoración inicial dos tempos para o desenvolvemento do arquivo para a súa operatividade e resolución de cuestións relacionadas coa conservación, catalogación e clasificación do material,*
- *apuntáronse, tamén, cuestións relacionadas co financiamento da actividade do arquivo, tanto dende a perspectiva da financiación municipal como das posibles aportacións doutras entidades financeiras ou mesmo da posible autofinanciación do arquivo,*
- *abordáronse tamén cuestións relacionadas coa necesidade de persoal para a actividade do arquivo, entendendo necesario contar con persoal adecuado e suficiente,*
- *no senso do anterior, destacou a importancia do traballo dende o Concello contando con persoal propio,*
- *a necesidade de elaborar un Plan de Acción a 2 – 3 anos, cara á dinamización do arquivo, que deberá ser proposto pola Comisión Técnica Interdepartamental e suscrito pola Xunta de Goberno Local,*

- polo que respecta á Comisión Técnica Interdepartamental deberá ter un labor activo no canto a propostas, supervisión, elaboración teórica e a incorporación de documentos e traballos a desenvolver no AFP,
- contarase coa participación de asesores externos para a elaboración de propostas, a realización de traballos puntuais, relacionados co Arquivo, cando non se conte con persoal propio e suficiente por parte da estrutura de persoal a dispor polo propio Concello de Vigo,
- coñece-lo labor que se desenvolve noutras cidades con tradición de traballo no ámbito dos arquivos municipais e que poden ser referente para o AFP, e dispor do asesoramento que as institucións que os xestionan poden aportar a este concello,
- dispor de colaboracións e asistencias técnicas, valorando particularmente a de María Mercedes de Sousa da Vila no canto o seu coñecemento e papel significado no legado dos Pacheco e segundo se indica no propio convenio de adquisición do AFP.

Acórdase que a vindeira xuntanza será nun prazo non superior a dez días e coa formalización da constitución da Comisión Técnica Municipal.

Polo exposto

Dase conta á Xunta de Goberno Local da Constitución da Comisión Técnica Municipal, e que a proposta do Concelleiro da Área de Asuntos Sociais estará composta por :

- Polo departamento de Cultura : D. Ignacio Oliveira López, xefe do departamento.
- Polo departamento de Patrimonio Histórico : D. Rafael Ojea Pérez, xefe do departamento.
- Polo departamento de Informática : Pilar López Piñeiro, técnica de sistemas e Javier Albertos Benayas, ingeniero industrial, adscrito a ese departamento en razón do Convenio entre o Concello e a Universidade de Vigo.
- Polo Museo “Quiñones de León” : José Ballesta De Diego, director do museo.
- Pola Casa Galega da Cultura : María Ángeles Vidal Fraile, técnico superior de bibliotecas.
- A Comisión estará coordinada polo Director do Arquivo Pacheco, Xosé Lois Cea Nogueira.

Do que se dá conta a esa Xunta de Goberno Local para coñecemento e reciba o visto e praxe.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da precedente informe.

4.(1258)-CONVENIO ENTRE O CONCELLO E A ASOCIACIÓN CULTURAL GRUPO ALETHEIA PARA ORGANIZACIÓN DUNHA XORNADA DE FILOSOFÍA BAIXO O TÍTULO “FILOSOFÍA E RELIXIÓN: ENCONTROS NO CAMIÑO DE SANTIAGO. EXPTE. 8447/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 24.09.04 e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 22.09.04, conformaco polo concelleiro-delegado da área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Grupo Aletheia, CIF G36659258, para a organización dunha Xornadas de Filosofía programadas pola Concellería de Cultura baixo o título “Filosofía e relixión: encontros no Camiño de Santiago”, que se realizarán do 13 ó 16 de outubro de 2004 en Vigo.

2º.- Autorizar un gasto a favor da A.C. Grupo Aletheia de 6.000 € (seis mil euros, con cargo á partida 4510.226.06.00 “Foros culturais”, en concepto de compensación pola organización das Xornadas de Filosofía.”

*CONVENIO CONCELLO DE VIGO- A.C. GRUPO ALETHEIA PARA REALIZACIÓN DAS XORNADAS DE
FILOSOFÍA*

“Filosofía e relixión: Encontros no Camiño de Santiago”

En Vigo, a ----- de ----- de dous mil catro.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ignacio López Chaves, na súa calidade de concelleiro-delegado do área de Cultura do Concello de Vigo e en representación desta administración municipal, con CIF P-3605700-H, e con enderezo na praza do Rei s/nº.

Doutra parte, D. Avelino Muleiro García, na súa calidade de Presidente do A.C. Grupo Aletheia, con CIF G36659258, e con enderezo na rúa Álvaro Cunqueiro 36, 3º C, da cidade de Vigo, CP 36211.

MANIFESTAN

1.- A Concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo pretende o potenciamento da actividade cultural da cidade, para o que ven desenvolvendo diversos programas que contribúen á análise do fenómeno cultural nas súas máis diversas manifestacións.

2.- Nun ano no que se celebra o primeiro Xacobeo do terceiro milenio parece un momento axeitado para estudar os novos retos culturais e relixiosos que se presentan á sociedade e máis neste momento crucial do acontecer histórico, por parte de pensadores de recoñecido prestixio, as perspectivas de diversas cuestións que inquietan á humanidade diante do século: a diversidade cultural e o multiculturalismo; o diálogo entre culturas; os fundamentalismos relixiosos e os problemas que os acompañan; os problemas de integración cultural e relixiosa; a caracterización do feito relixioso; a relación orixinaria entre as tres grandes relixións monoteístas: xudaísmo, cristianismo e islamismo.

3.- O tratamento das cuestións plantexadas deben ser abordadas nunhas xornadas de filosofía abertas ó público en xeral e ademais con recoñecemento académico, xustificadas pola orixe universitaria e investigadora dos ponentes.

4.- O A.C. Grupo Aletheia, é unha organización sen ánimo de lucro que pretende difundir os valores da filosofía, da análise e da reflexión en tódolos ámbitos posibles e está disposta a colaborar co Concello de Vigo naquelas actividades relacionadas cos seus obxectivos.

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio suscríbese co obxectivo de realiza-las XIV XORNADAS DE FILOSOFÍA “Filosofía e relixión: Encontros no Camiño de Santiago”, que promoven conxuntamente a Concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais e maila A.C. Grupo Aletheia, coa colaboración doutras entidades, como forma de potencia-las manifestacións culturais da cidade.

SEGUNDA.- Presuposto e financiamento.

O presuposto xeral da programación das Xornadas de Filosofía, con tódolos conceptos e impostos incluídos, ascende a un gasto total de 16.400 €.- dos que 6.000. se financiarán con cargo á partida 4510.226.06.00 “Foros culturais” do programa presuposto municipal prorrogado de 2003.

O Concello de Vigo ou o A.C. Grupo Aletheia poderán procurar financiamento das Xornadas de Filosofía a través de entidades públicas ou privadas.

TERCEIRA.- Datas e lugares.

As Xornadas “Filosofía e relixión: Encontros no Camiño de Santiago” terán lugar do 13 ó 16 de outubro de 2004 no Salón do Verbum-Casa das Palabras e no Salón de actos do Centro Social Caixanova, rúa Policarpo Sanz, 26.. O programa detallado e o presuposto achégase a este convenio nun ANEXO.

CUARTA.- Destinatarios e sistema de acceso.

As Xornadas están destinadas ó público en xeral e contan cun número limitado de 200 prazas. A incrición é gratuíta e realízase a través do A.C. Grupo Aletheia ou directamente no local das xornadas no momento do seu inicio.

QUINTA.- O A.C. Grupo Aletheia comprométese a:

- a) Asumi-la organización das Xornadas de Filosofía en particular os seguintes aspectos:
 - Seleccionar ós ponentes e organizarlles as viaxes e estancias.
 - Atención ós ponentes, moderadores e representantes das entidades organizadores, dende a súa chegada á cidade ata a súa saída, incluíndo os traslados, comidas e ceas.
 - Atención ó público: información, inscricións, entrega de documentación e certificados, etc.
 - Difusión e comunicación sobre as Xornadas: edición, distribución e/ou instalacións, de folletos, carteis, dossiers, diplomas, rotulacións; etc. Información ós medios de comunicación en coordinación coa Concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais.
 - Asumilos gastos derivados dos parágrafos anteriores.
 - Controla-la asistencia dos inscritos, de acordo coas normas da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, co obxecto de xestionar as certificacións académicas.
 - Procura-lo financiamento complementario do custo das Xornadas.
- b) Resolver con carácter xeral calquera detalle organizativo que non estea expresamente asumido polo Concello de Vigo.

- c) *Cumpri-lo programa obxecto deste convenio segundo o proxecto detallado no Anexo; comunicando á Concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais os cambios que se poideran producir no momento en que se teña noticia deles co obxecto de recaba-la conformidade da Concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais coas modificacións.*
- d) *Presentar no Concello de Vigo unha memoria-avaliación do programa obxecto deste convenio, dentro dos 10 días seguintes á súa finalización. Como mínimo, a memoria incluírá os datos de participación, os detalles do desenvolvemento das actividades, a memoria de prensa e medios de comunicación, un rexistro fotográfico ou audiovisual, o balance económico con detalle de gastos e ingresos.*

SEXTA.- O CONCELLO DE VIGO a través da súa CONCELLERÍA-DELEGADA DA ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS obrígase a:

- a) *Facilita-las instalacións do Verbum-Casa das Palabras nas datas das Xornadas que aparecen no programa.*
- b) *Abonar ó Grupo Aletheia un importe total de 6.000 €. como compensación dos gastos orixinados polos conceptos detallados na cláusula anterior; tralos informes técnicos correspondente e a aprobación da memoria pola Xunta de Goberno Local.*

SÉTIMA.- Unidade xestora e mecanismos de seguimento do convenio.

A xestión deste convenio corresponderalle á unidade de Cultura do Concello de Vigo e o seu seguimento realizarase a través do A.C. Grupo Aletheia, da presenza de persoal do departamento de Cultura do Concello nas actividades programadas e dos informes ou memoria correspondentes.

OITAVA.- Difusión.

A produción do material gráfico relacionado coas Xornadas de Filosofía será asumida integramente pola A.C. Grupo Aletheia. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

O anagrama-logotipo do Concello de Vigo-Concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden. Tamén figurarán os anagramas-logotipos das entidades colaboradoras nas Xornadas que determine a Concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais.

A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais.

NOVENA.- Sistemas de pagamento.

O Concello de Vigo aboará ó A.C. Grupo Aletheia o importe de 6.000 € por transferencia bancaria á conta n. 0468/0040105822 que a citada entidade ten aberta na oficina da Praza da Independencia de Caixanova a nome de Grupo Aletheia; despois da aprobación da memoria-avaliación pola Xunta de Goberno Local do Concello.

DÉCIMA.- Incumprimentos.

O incumprimento das obrigas estipuladas neste convenio poderá significar a súa cancelación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro 2004.

DÉCIMO SEGUNDA.- Resolución de controversias e desenvolvemento.

O Xunta de Goberno Local queda facultada para solucionar-las controversias derivadas da execución e o Concelleiro de Cultura adoptará as medidas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade asinan, por triplicado exemplar, o presente convenio na data xa indicada.

5.(1259)-ADXUDICACIÓN A CANAL UNO DE COMUNICACIÓN, S.L., DO CONCURSO PARA A DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE DA CONCELLERÍA DE CULTURA DURANTE O ANO 2004. EXPTE. 8379/331.

Antecedentes

Con data 13.09.04 a Xunta de Goberno aprobou o expediente de contratación por concurso da difusión da actividade e edición de publicacións do departamento de Cultura durante o ano 2004.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local certifica con data 25.09.04 que durante o prazo sinalado non anuncios publicados no DOG nº 181 e no BOP nº 182 de datas 17.09.04, presentáronse as seguintes proposicións: 1) Ecovigo Publicidad e 2) Canal Uno Publicidad Comunicación.

A Mesa de Contratación en sesión realizada o 28.09.04 procedeu á apertura da documentación presentada, admitíndo as propostas e pasándoas a informe do Servizo de Cultura, que foi emitido polo xefe de dito servizo con data 28.09.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, facendo constar que a oferta máis ventaxosa para o Concello de Vigo resulta ser a presentada por Canal Uno de Comunicación S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 29.09.04, visto o precedente informe formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda

Adxudicar a Canal Uno de Comunicación, S.L. o concurso para a para difusión da actividade da concellería de Cultura por un prezo de 184.822,58 euros dos que 69.562,00 euros corresponden os produtos de difusión, 100.000 euros a inserción en medios e 15.260,58 euros ó deseño gráfico e produción. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados pola Xunta de Goberno Local de 13-09-2004 e a oferta presentada.

6.(1260)-SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN “A GOLPE DE PEDAL” PARA CELEBRAR A 3ª MARCHA EN BICICLETA “VIGO A GOLPE DE PEDAL”. EXPTE. 4741/333.

Examinadas as actuacións do expediente e seguindo a proposta do director deportivo do IMD de data 24-09-04 conformada polo concelleiro acctal. de Deportes, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Autorizar á asociación “A Golpe de Pedar” a realizar o vindeiro día 10 de outubro de 2004 a 3ª marcha en bicicleta “Vigo, a golpe de pedal”. Esta marcha ciclista ten prevista a saída dende a Praza do Rei ás 11.00 h e a chegada á Praza do Berbés arredor das 13:30 h, co percorrido seguinte: Praza do Rei-Concello, Avda. de Camelias, Avda. da Hispanidade, Gran Vía, Avda. de Castrelos, Avda. Portanet, Avda. de Citröen, rotonda zona Franca, San Andrés de Comesaña, rotonda de Ricardo Mella, Avda. Samil, Samil (avituallamento), Avda. Atlántida, Camilo Veiga, Praza de Eugenio Fadrique, rúa Coruña, Avda eiramar e Praza do Berbés.

7.(1261)-SOLICITUDE DA SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS DE BEMBRIVE PARA A CELEBRACIÓN DA CARREIRA POPULAR “XXI MARATÓN DA AMIZADE”. EXPTE. 4739/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 23.09.04, conformado polo concelleiro acctal. de Deportes, Sr. López-Chaves Castro, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a Sociedade Cultural Deportiva e Recreativa Helios de Bembrive a celebrar o vindeiro día 12 de outubro de 2004, a carreira popular denominada “XXI Maratón da Amizade”.

Esta carreira popular ten o comezo previsto ás 10:30 h. e o remate arredor das 12:30 h. A carreira consta de tres circuítos de 10 km., 3 km. e 0,5 km. cos percorridos seguintes:

- Circuíto Grande (10 km.):
Estrada de Bembrive, San Cibrán, As Regadas, Estrada a Universidade, Baixada a Viña Grande, Camiño Mouteira, Estrada de Bembrive, Alameda do Torreiro.
- Circuíto Mediano (3 km.):
Estrada de Bembrive, Camiño dos Pelames, Estrada do Eifonso, Alameda do Torreiro.
- Circuíto Pequeno (0,5 km.)
Estrada da Igrexa, Alameda do Torreiro.

8.(1262)-CONVENIO DE COLABORACIÓN DEPORTIVA CONCELLO-CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONAIS, S.L. EXPTE. 4762/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.09.04, conformado pola concelleira delegada de Deportes, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar a sinatura do convenio entre a Ilma Alcaldesa do Concello de Vigo e o D. Pedro Pablo Rey Vera, Administrador do Centro de Iniciativas Profesionales, SL para a regulación dun programa de prácticas para o curso de Empresas Deportivas, entre ambas institucións para completar a formación dos alumnos.

2º.- Todos os gastos derivados da realización das prácticas deberán ser asumidos íntegramente polo Centro. En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin de danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do desenvolvemento do mesmo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES, SL O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS DE PRACTICUM PARA ALUMNOS DO DITO CENTRO

COMPARECEN

Duna parte, o Concello de Vigo , con CIF P-3605700-H , e domicilio na Praza do Rei, s/n 36201 Vigo, e no seu nome e representación Dª Corina Porro Martinez, actuando en calidade de Alcaldesa do Concello de Vigo._____

Doutra, o Sr. D. Pedro Pablo Ruíz Vera con DNI nº 36.041.968-W, Administrador do Centro de Iniciativas Profesionales, SL- CIF B36757557, que actúa en nome e representación deste centro

Ámbolos dous representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben en nome das respectivas entidades o presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Centro de Iniciativas Profesionales, SL è unha entidade que desenvolve actividades de formación, interesada en colaborar cos sectores profesionais e socioeconómicos

SEGUNDO.- Que o Centro de Iniciativas Profesionales, SL ten establecido dentro do seu plano de estudos (2004) para o curso de Empresas Deportivas a realización dun Practicum de 6 créditos en organización de carácter profesional.

TERCEIRO.- O Concello de Vigo é unha Administración pública de ámbito territorial , que ten por obxecto competencial o establecido no Artigo 25 da Lei 7/85, Reguladora de Réxime Local.

En vista do que o Centro de Iniciativas Profesionales, SL e Concello de Vigo acordan as seguintes

Cláusulas

PRIMEIRA.- A finalidade desta colaboración é proporcionar ós alumnos que van finalizar os seus estudos a posibilidade dunha formación práctica tendente á familiarizalos cos procesos o actividades que terán que desenvolver nun futuro próximo no ámbito dos seus respectivos traballos. Esta formación habilitarase a través da presenza dos estudantes nas dependencias do Concello de Vigo nas que poidan adquirir a mencionada formación, en horarios e coas funcións que se determine pola Comisión de Seguimento, que estará composta por un profesor do centro e o director deportivo por parte do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- O Practicum estará coordinado pola o Centro de Iniciativas Profesionales, SL, actuando como supervisores o profesorado responsable das materias conforme ó estipulado no plano de organización docente. Por parte de Concello de Vigo a coordinación desenvolverase a través do Servicio de Deportes.

TERCEIRA.- A adscrición dos alumnos deberá facerse consonte os criterios fixados polo Centro de Iniciativas Profesionales, SL

CUARTA.- Ó remate de cada período de Practicum os alumnos deberán elaborar unha memoria final sobre o traballo realizado que deberá ser avaliada polos supervisores responsables. Ademais os titores responsables da entidade colaboradora elaborarán un informe sobre a actuación dos estudantes. Este informe servirá como certificación da realización do Practicum dos estudantes no Concello de Vigo. Asemade o o Servicio de Deportes elaborará un informe sobre as practicas desenvolvidas polos alumnos.

QUINTA.- O Centro de Iniciativas Profesionales, SL comprométese a expedi-las correspondentes acreditacions ós profesionais asociados que actúen como titores no Practicum.

SEXTA .- Os profesionais titores comprométese a orientar e asesorar individualmente a cada estudante de xeito que se facilite a súa aprendizaxe nese contexto específico a través de diversas actividades, e a facilitar ós estudantes os datos e axudas necesarias para o coñecemento da realidade á que se incorporan de maneira que poidan participar nos proxectos de traballo que se están realizando.

Tamén deberán facer un seguimento formativo do alumnado que titoriza, artellando a fórmula máis axeitada para que a experiencia resulte beneficiosa para ambos e emitir informe de aproveitamento do alumnado segundo os criterios fixados polos responsables do Practicum.

SÉTIMA.- A realización destas prácticas non supoñen ningún tipo relación laboral, non serán de ningún xeito retribuídas e non determinarán responsabilidade algunha da entidade colaboradora Concello de Vigo , xa que logo os alumnos están cubertos polo seguro escolar.

O alumnado respectará en todo momento a vida profesional do Concello de Vigo , especialmente coas persoas coas que establecen relación e cos recursos que utilicen.

OITAVA.- A realización deste convenio non supón contraprestación económica algunha polas entidades asinantes.

NOVENA.- Para o seguimento e cumprimento do convenio establecerase una comisión mixta paritaria integrada por un representante do Centro de Iniciativas Profesionales, SL e un representante do Concello de Vigo que será o

director deportivo. Esta comisión dictará as súas normas internas de funcionamento debéndose reunir cando o solicite algunha das partes do mesmo.

Terá asemade as seguintes funcións:

- 1) A interpretación do convenio.
- 2) A proposta de addendas ou modificacións ó mesmo.
- 3) Formular as convocatorias correspondentes a cada curso académico para a realización do Practicum de acordo cos criterios fixados polos responsables.
- 4) Establecer os criterios de seguimento e avaliación dos programas do Practicum.
- 5) Determinar as dependencias onde se realizarán as actividades do Practicum.
- 6) A intervención previa á resolución por incumprimento, a coordinación de funcións e calquera outra relacionada co bo funcionamento deste convenio.

DECIMA.-- O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e a vixencia será para o curso académico 2004-2005, podendo acordarse a renovación do mesmo por períodos sucesivos por acordo expreso dos asinantes.

DECIMOPRIMEIRA.- As partes poderán modificar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, a súa vez, denunciar o presente acordo comunicando por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data no que vai dalo por rematado. En ámbolos dous casos deberán rematarse as tarefas que estean realizándose.

DECIMO SEGUNDA.- O presente acordo ten natureza administrativa: As dúbidas na súa interpretación serán resoltas pola comisión paritaria así como as discrepancias que poidan xurdir na súa execución.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados.

9.(1263)-SOLICITUDE DE CALIFICACIÓN COMO ILE (INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO) DO PROXECTO EMPRESARIAL “AMAD, S.L.”. EXPTE. 2704/077.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica local de Emprego, conformado polo xefe e polo concelleiro de Desenvolvemento Local e Emprego, que di o seguinte:

A Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo realiza, mediante os Técnicos Locais de Emprego (TLEs) a ela adscritos, e no marco do Servicio de Asesoramento para Emprendedores (SAE), que funciona conxuntamente no Concello de Vigo e na Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV), dando traballos de información e asesoramento a emprendedores para a constitución de empresas.

Por outra banda, a Consellería de de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado “Iniciativas Locais de Emprego” (ILEs), regulado polo Decreto 9/2000, do 12 da

xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia do 27 xaneiro; corrección de erros nº 24 do 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividades económicas e de emprego. As características xerais deste programa son as seguintes:

Requisitos dos proxectos:

1. *Viabes técnica, económica e financeiramente*
2. *Xeradores de emprego estable*
3. *Promovidos, participados ou cofinanciados pola Xunta de Galicia ou por administracións locais de carácter territorial desta Comunidade Autónoma.*
4. *Que o constituirse, o cadro de persoal previsto non sexa superior a vintecinco traballadores.*
5. *Non procedentes de cambios xurídicos de empresas preexistentes, nin ser participados en máis da terceira parte do seu capital por empresas de máis de 25 traballadores.*

Beneficiarios:

Empresas privadas resultantes de ditos proxectos, calquera que sexa a forma xurídica, que se constituán como tales, nun prazo non superior a un ano, dende que o proxecto foi calificado como ILE pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Axudas contempladas:

- *Subvencións a creación directa de emprego estable (4.808 € por posto de traballo creado, incrementándose en 600 € no caso de muller desempregada, ou a parte proporcional cando sexa a tempo parcial).*
- *Subvencións financeiras: redución como máximo de 6 puntos de tipo de xuros dun crédito destinado a financiar investimentos en activo fixo, ata un máximo de 5.108 € por posto de traballo estable creado.*
- *Subvención por asistencia técnica: como apoio ás funcións xerenciais do promotor do proxecto empresarial (contía igual ó 50% do custo total, sen que exceda de 18.000 €).*
- *Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade: ten que supoñer cando menos a creación directa de emprego estable para tres desempregados inscritos como demandantes de emprego no Servicio Público de Emprego; esta axuda consistirá nunha subvención de ata un 60 % dos gastos necesarios para o inicio e posta en marcha da actividade. O importe máximo desta axuda determinarase en atención ó número de postos de traballo estables creados para desempregados, de acordo coa seguinte escala:*
 - *De 3 a 10 postos de traballo: 30.100 €*
 - *De 11 a 20 postos de traballo: 42.100 €*
 - *21 ou máis postos de traballo: 48.100 €*

Para a determinación da contía valorarase o volume do investimento do proxecto e a incidencia social e sobre o emprego no contorno xeográfico no que se desenvolve a actividade.

Neste contexto, e froito do traballo de asesoramento para a creación de empresas descrito con anterioridade, presentouse no Servicio de Asesoramento a emprendedores SAE, Dña. Amil López Vieitez, veciña de Vigo, con enderezo en r/ Arquitecto Pérez Bellas, 1ª-6º J, e D.N.I. nº 53171782-Z, cun proxecto para a constitución como Sociedade Limitada, de nome "AMAD, S.L." que terá por obxecto a realización das seguintes actividades

relacionadas con servicios sociosanitarios de alta calidade especializados nas distintas áreas das Ciencias da Saude:

- A) *Policlínico a Domicilio: atención especializada de Fisioterapia, Psicoloxía, Educación Social, Enfermería, Podoloxía, Nutrición, Ortopedia, Logopedia, Odontoloxía, Auxiliar de clínica/xeriatria.*
- B) *Coidados de enfermos e Terceira idade: por parte do persoal auxiliar de clínica e xeriatria así como dos facultativos da plantilla.*
- C) *Rehabilitación. Disponemos das ferramentas axeitadas para tratar, aliviar e solucionar todo tipo de molestias, dores e lesións que comprometan o benestar físico e psíquico da persoa.*
- D) *Formación sobre Promoción de Saude: cursos destinados a persoal do sector o cuidadores informais.*

Hai que resaltar a importancia desta iniciativa empresarial, dado o coñecemento do mercado que teñen as promotoras. É importante a diferenciación da AMAD en canto a calidade do servizo e trato para establecer o seu nicho de mercado. Ademais AMAD non reduce o seu ámbito de actuación ó coidado de enfermos, presta servizos sociosanitarios moi especializados a calquera usuario que o requira.

Este Servizo de Asesoramento a emprendedores SAE, entende que a iniciativa descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILE da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e que, polo tanto, pode ser beneficiario das citadas axudas e subvencións.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno a adopción do seguinte ACORDO:

- *Promover ante a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, a calificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “AMAD, S.L.” , sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:*
 - *Apoio por parte dos Técnicos Locais de Emprego (TLE) do Servizo de Asesoramento a emprendedores SAE do Concello de Vigo, na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como levarán a cabo todo-los trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.*
 - *Tera preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais a creación de empresas as que no seu caso obte.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

10.(1264)- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA DO MES DE OUTUBRO.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do interventor acctal., do 27.09.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-los gastos de locomoción do persoal municipal que de seguido se detallan para a súa inclusión na nómina do mes de outubro:

SERVICIO	CLASIFICACION FUNCIONAL	IMPORTE
1216	Patrimonio e contratación	95,20
2220	Seguridade	179,86
3130	Benestar Social	39,44
4130	Sanidade	201,73
4220	Educación	494,02
4324	Electromecánicos	225,08
4326	Parques e Xardíns	74,97
4420	Limpeza	1.510,45
4430	Cemiterios	129,20
4513	Museo Q. de León	50,32
4520	Xuventude	180,20
4632	Muller	205,31
5110	Vías e Obras	1.250,35
6110	Inspección de Tributos	4.148,00
TOTAL		8.784,13

11.(1265)- HONORARIOS DE DIRECCIÓN DA OBRA DE LIQUIDACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO DE “AMPLIACIÓN DE SANEAMENTO NO RURAL”. EXPTE. 100402/140.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 24.09.04, que di o seguinte:

Con data 29 de outubro de 2003 tivo entrada no Rexistro Xeral deste concello un escrito da entidade concesionaria do servizo AQUALIA, mediante o que se interesa o recoñecemento dun importe adicional, en contía de 76.954,44€, en concepto de dirección de obra, por maiores traballos realizados no proxecto modificado do de “ampliación de infraestructuras de saneamento no rural”.

A tal respecto e conveniente resaltar que a comisión de goberno deste concello na sesións de datas 10 de xuño de 2002 e 9 de xuño de 2003 prestou a súa aprobación ós honorarios de dirección de obra do proxecto técnico o que

anteriormente se fai referencia, así como os referidos o proxecto modificado, polos importes respectivos de 285.130,93€ e 70.316,84€.

Con independencia dos mencionados acordos, e co obxecto de cumprir os prazos comunicados a Unión Europea para a execución dos traballos, cofinanciados ao 80% no marco de Fondo de Cohesión, contratouse unha asistencia técnica, ao amparo do establecido no artigo 201 do Real Decreto Lexislativo 2/2000 (contrato menor) cun límite de 12.020,24€.

Con data 9 de setembro de 2004 o enxeñeiro xefe de Vías e Obras emite informe sobre a petición de recoñecemento de honorarios (76.954,44€) formulada pola entidade concesionaria no mencionado escrito de 29/10/2003 concluíndo, en sínteses, a improcedencia de abono por parte de esta administración municipal das cantidades interesadas, toda vez que aquelas son requiridas en base a un maior prazo de execución sobre o inicialmente previsto, entendendo que a fórmula de cálculo dos mesmos non pode realizarse en base ao maior prazo senón en función dos orzamentos de execución material inicialmente contratados e das melloras introducidas, en concepto de liquidación, deducíndose en consecuencia o dereito da dirección de obra para a percepción dun importe de 21.576,81€.

De conformidade coa certificación emitida polo director de administración e finanzas de AQUALIA os fondos dispoñibles a data 30/09/2004, ascenden a cantidade de 455.155,63, con independencia dos dereitos de cobro aprazados e sen prexuízo de recoñecemento dos investimentos incluídos na dita certificación, todo isto en función dos informes que proximamente entregará a empresa de consultoría técnica, á que se lle encargou a supervisión das obras certificadas.

En consonancia co anteriormente exposto esta xefatura propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Autorizar a entidade concesionaria do servizo AQUALIA FCC VIGO UTE o financiamento dos traballos de dirección de obra de liquidación do proxecto modificado do de “Ampliación infraestructura de saneamento no rural” polo importe de 21.576,81€, mediante aplicación do saldo dispoñible en concepto de cotas de enganche, de conformidade co establecido na cláusula terceira do convenio aprobado polo Pleno da Corporación Municipal na sesión de data 25 de marzo de 2002.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

12.(1266)- APROBACIÓN DE CONVENIO CO CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALLADARES PARA A CELEBRACIÓN DO VIII CERTAME INTERNACIONAL DE REGUEIFAS. EXPTE. 385/334.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.08.04 e de acordo co informe-proposta da técnica de Normalización Lingüística, do 17.08.04, conformado polo concelleiro de dito departamento e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a sinatura do convenio de coorganización e colaboración do VIII Certame Internacional de Regueifas co Centro Cultural e Veciñal de Valadares, CIF G-36617082. Dito convenio establece unha achega económica de 3.000 € da partida 4633.2260801 do Servizo de Normalización Lingüística.

CONVENIO ENTRE O CENTRO CULTURAL E VECIÑAL VALADARES E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DO VIII CERTAME INTERNACIONAL DE REGUEIFAS

En Vigo, o de de 2004, na Casa do Concello, en representación das entidades que se a seguir se indican e con capacidade xurídica e de obrar abonda para asinar este convenio de colaboración

REÚNENSE

Don Elisardo Dacosta Torres, co DNI núm. 35979564, presidente do Centro Veciñal e Cultural Valadares, con domicilio en Vigo e

Don Ignacio Javier López-Chaves Castro, co DNI , concelleiro de Normalización Lingüística, con domicilio en Vigo

EXPOÑEN

- 1. A tradición oral é parte sobranceira da identidade dunha comunidade. Toda esta riqueza, e asemade identidade, está en perigo de desaparecer, sobre todo nun contexto coma o noso, urbano e de clara incidencia doutras culturas.*
- 2. Que a Lei 3/1983 de normalización lingüística, no seu artigo 25, asignalles aos concellos a corresponsabilidade no fomento do uso do galego na actividade cidadá.*
- 3. O Concello de Vigo vén desenvolvendo actividades dinamizadoras do uso da lingua galega entroncadas co coñecemento e a conservación do patrimonio inmaterial galego, e mesmo ten manifestado o seu apoio (por acordo plenario¹) á declaración por parte da UNESCO do patrimonio inmaterial galego-portugués como patrimonio da humanidade.*
- 4. Unha das manifestación máis salientables do noso patrimonio inmaterial é a regueifa. A regueifa é un desafío oral improvisado en verso, de carácter popular que se mantén dende tempo inmemorial ate os noso días, mais que está en serio risco de desaparición toda vez que só quedan 8 regueifeiros vivos.*
- 5. O Servizo de Normalización Lingüística (SNL) traballa, á par doutras administracións e asociacións, na pescuda, inventariado, dinamización e conservación deste patrimonio oral galego.*

¹ Achégase certificación deste acordo como anexo 1

Como exemplo dese labor conxunto podemos citar o programa “Obradoiros de regueifas” desenvolvido nos centros de ensino pola asociación ORAL; asociación dedicada á recuperación de todas estas tradicións de carácter oral e improvisado.

6. O Centro Veciñal e Cultural de Valadares (CVC, en adiante) vén dende hai xa 11 anos desenvolvendo un certame de regueifas. Para este proxecto conta, dende aquela, co asesoramento técnico da citada Asociación Oral de Galicia. Desta volta quérese dar un paso máis coa incorporación de regueifeiros vidos dende Portugal e tamén dende diversas partes do estado español.

7. O Centro Veciñal e Cultural de Valadares dirixiuse ao Concello de Vigo para que esta administración, a través do SNL, leve a cabo esta edición do certame regueifas, toda vez que este departamento ten demostrado o seu compromiso co patrimonio inmaterial galego. Pero o SNL non conta con medios humanos suficientes, nin posúe as relacións e medios para o realizar.

Conscientes ambas entidades de que os traballos do Concello e mais do CVC de Valadares diríxense neste mesmo empeño, manifestan a súa conformidade en colaborar na edición da presente edición do Certame Internacional de Regueifas.

Polo exposto,

ACORDAN

Asinar este convenio de colaboración e coorganización para a realización do VIII Certame Internacional de Regueifas, conforme coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: obxecto

Os obxectivos desta actuación resúmense nos seguintes

Darlle continuidade ao Certame de Regueifas

Contibuír a conservar o patrimonio inmaterial galego.

Achegarlle ao público en xeral, e especialmente á xente moza, a esta práctica do noso patrimonio cara a facilitar o seu coñecemento e a súa valoración como parte salientable da nosa identidade.

Segunda: obrigas das partes

1.- compromisos do Centro Cultural e Veciñal de Valadares

- *Levar a cabo o VIII Certame Internacional de Regueifas os días 25 e 26 de setembro.*
- *Contratar, aloxar e facerse cargo dos desprazamentos das e dos convidados a participar no certame*
- *Manter o prezo de balde da asistencia ao certame*
- *Mencionar en toda a promoción e publicidade o financiamento do SNL. Garantir a presenza do logotipo deste servizo e mais do Concello de Vigo na cartelería e outra publicidade que se realice.*

2.- Compromisos do Concello de Vigo

Aboar a cantidade acordada neste convenio para os gastos que xera a realización do VIII Certame Internacional de Regueifas.

Cooperar na organización e na difusión do citado certame.

Terceira: orzamento

O Concello de Vigo, a través do SNL, achega un total de 3.000 euros da partida orzamentaria 4633 2260801, do orzamento prorrogado en vigor.

Cuarta: pagamento

O pagamento realizarase canda a presentación de facturas orixinais que acrediten a realización da actividade obxecto deste convenio.

Quinta: comisión de seguimento

Cada entidade nomeará unha persoa que a represente. Ambas as dúas persoas constituirán a comisión de seguimento deste convenio; comisión encargada de estudar todos os asuntos que atinxan ao desenvolvemento deste certame.

Sexta: vixencia do convenio

O convenio entra en vigor coa súa sinatura e rematará a súa vixencia tras finalizaren as actividades do citado certame.

Sétima: motivos de extinción do convenio

O incumprimento por algunha das partes das estipulacións que se pactan neste convenio dará lugar á súa resolución por instancia de calquera delas.

Oitava: natureza e interpretación do convenio

O presente convenio ten carácter administrativo e correspóndelle á comisión de seguimento a súa interpretación, así como a xurisdición contencioso-administrativa a resolución das controversias ás que houbese lugar.

En proba de todo o acordado, asinan este convenio de colaboración por triplicado exemplar para un só efecto no lugar e data indicados.

13.(1267)- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE FEDERACIÓN DE A. VV. “EDUARDO CHAO” E O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2191/321

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable de 14.09.04, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 21.09.04, conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o texto do “ Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación de AA.VV. “Eduardo Chao” para o ano 2004, que de seguido se transcribe.

2º.- Autorizar e dispor un gasto por importe de 54.091 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio a favor da Federación de AA.VV. “Eduardo Chao” (CIF.G-36681708) con cargo á partida orzamentaria de Participación Cidadá, 463.1.489.00.00.

3º.- Delegar a sinatura do Convenio na Concelleira delegada da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, D^a Lucia Molares Pérez.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO-FEDERACIÓN ASOCIACIÓN VECIÑAIS
“EDUARDO CHAO” (V.3ª é última)*

Na Casa do Concello da cidade de Vigo, o día de 2004.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Lucía Molares Pérez, concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, e en representación do Excmo. Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Vigo, Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dna. Elena González Sánchez, como presidenta e en representación da Federación de Asociacións Veciñais “Eduardo Chao” (CIF: G-36681708), con enderezo na praza da Princesa, 7, de Vigo.

Ambas as dúas partes inteveñen coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, para o outorgamento do presente Convenio, e para o efecto

EXPOÑEN

Conforme ó previsto pola lexislación vixente, lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, Lei 5/1997 da administración local de Galicia, RDL. 781/1986 texto refundido en materia de réxime local, RD 2568/1986 de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente, optando dunha maneira decidida pola democracia participativa como complemento e profundización da democracia representativa.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, proponendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

Dentro do tecido social dos barrios e parroquias que conforman a nosa cidade é de salientar a importante implantación do movemento asociativo veciñal en xeral, e en particular a labor da Federación de Veciños “Eduardo Chao” , a cal ven colaborando, ao longo do tempo, co Concello de Vigo no desenvolvemento de diferentes programas de interese xeral.

Atendendo o Regulamento de Participación cidadá, a Federación atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello co número 82-89, sendo declarada de utilidade municipal por acordo do Pleno do Concello de data 27.11.2000. Actualmente a Federación de Veciños “Eduardo Chao” agrupa a 33 entidades asociativas veciñais que se relacionan na documentación anexa ao expediente.

A Federación de Veciños “Eduardo Chao”, ven utilizando en precario e dende o ano 1995, os locais municipais sito nas plantas 1ª e 2ª da praza de Princesa, núm 7.

Un aspecto fundamental para asegurar o necesario desenvolvemento da Federación, constitúe o fomento das súas actividades de organización, xestión e administración, así como a potenciación das distintas actividades e carácter social, cultural, formativa e informativo que programa a entidade que se achegan como anexo a este convenio.

En consecuencia, ambas as dúas entidades intervinientes proceden á formalización do presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio:

Constitúe o seu obxecto establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entre as dúas entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita o fomento ó desenvolvemento dun conxunto de accións de carácter organizativo, informativo e socio-comunitario, que veñen referendadas na memoria que achega a entidade veciñal (anexo 1º).

SEGUNDA.- Actividades obxecto de financiamento:

Conforme a memoria que achega a entidade veciñal, na que constan os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos, establécense as seguintes accións para desenvolver e as axudas económicas outorgadas polo Concello:

<u>ACTIVIDADES FINANCIADAS NO ANO 2004</u>	<u>IMPORTE</u>
Gastos xerais de administración e xestión da Federación	25.285.-€
Festa veciñal 2004	5.000.-€
Asesoría xurídica	9.000.-€
Xornadas de presentación do Plano de Desenvolvemento	7.150.-€
Plano de Desenvolvemento Organizativo	7.656.-€
TOTAL	54.091.- €

TERCEIRA.- Destinatarios:

As actividades de carácter sociocomunitario con cargo ó presente convenio destinaranse ó público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, o número de asistentes limitarase ó aforo do lugar onde se celebren. Non obstante o anterior, o resto das actividades de prestación de servizos de carácter asesor, formativas e informativas ofertadas pola Federación poderán coadxuvar unha achega económica por parte dos usuarios, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc.).

Neste último caso, a Federación solicitará previamente, a conformidade da Concellaría de Participación Cidadá, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.

CUARTA.- Dereitos e obrigas xerais do Concello de Vigo:

- 1.- Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da asociación das accións conveniadas.
- 2.- Determinar segundo a información e documentación establecidas na cláusula 9ª, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e a liquidación das contías establecidas na cláusula segunda en concepto de axudas económicas derivadas da súa execución.

- 3.- *Ceder provisionalmente e con carácter transitorio namentres non se formaliza definitivamente a cesión, o uso do local municipal da Praza da Princesa, nº 7 para posibilitar a execución das accións conveniadas.*

QUINTA.- Dereitos e obrigas xerais da Federación de A.Veciños:

- 1.- *Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades conveniadas.*
- 2.- *Comunicar ó Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.*
- 3.- *Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Asemade esta incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente co límite de indemnización mínima fixado no acordo de cesión do Pleno do Concello de Vigo, e en todo caso a falta deste acordo polo importe mínimo de 300.506 €.*
- 4.- *As actividades comezarán á hora anunciada ó público. Comprobarase, con antelación suficiente, o correcto funcionamento das instalacións e equipos; en todo momento contarase co material e persoal de organización, mínimo necesario para o correcto desenvolvemento da actividade.*
- 5.- *Presentarlle ó Concello o balance anual de xestión e económico, xunto co inventario actualizado das súas dotacións e instalacións. Achegaralle tamén memorias parciais e final das actividades conveniadas conforme o indicado na cláusula 9ª.*
- 6.- *Asumir as responsabilidades que procedan da realización dos programas que se financian, en particular, a contratación laboral do persoal adscrito ós diferentes programas conveniados e ás responsabilidades derivadas desa contratación que resultan da súa exclusiva competencia.*
- 7.- *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 8.- *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades conveniadas.*
- 9.- *Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a facilitar canta información e documentación se lles solicite.*
- 10.- *Comunicarlle ó Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.*
- 11.- *Manter a liña de redución porcentual anual tendente ó autofinanciamento dos gastos de mantemento e administración da Federación. Comprométese a destinar o futuro financiamento derivado de renovacións do presente convenio, a actividades destinadas as entidades asociadas a ela.*
- 12.- *A Federación comprométese a manter as canles de diálogo con esta Administración Local, así como a mediar nos conflitos que poidan producirse entre as asociacións que representa ou as que xurdan entre elas e o resto do movemento asociativo.*

- 13.- Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo e as condicións da cláusula 6ª.
- 14.- Devolver os locais e equipamentos cedidos en uso polo Concello, nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros dos materiais ou instalacións serán restituídas na súa totalidade, dentro do prazo de vixencia do presente Convenio.
- 15.- Presentar no Concello de Vigo, no prazo de dous meses que contará dende a data de sinatura deste convenio, a información e documentación necesaria para a tramitación do expediente de cesión en uso do local municipal da Praza da Princesa, num. 7.

SEXTA.- Recursos e sistemas de comunicación, información e publicidade:

- 1.- A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.
- 2.- En toda a información gráfica editada, relacionada coas actividades programadas, figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello e da Federación de Asociacións Veciñais nas mesmas condicións e tamaños, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía que cada unha delas achegue.
- 3.- O Concello dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.
- 4.- De todo o material editado, entregaranse 10 exemplares ó Concello.
- 5.- A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas no Convenio, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc., deberán estar previamente acordadas coa Concellaría de Participación Cidadá.
- 6.- Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.
- 7.- No orzamento de cada unha das actividades conveniadas destinadas ó público en xeral, dedicaráselle un mínimo dun 10% do seu orzamento de gastos a sistemas de difusión e información: carteis, programas de man, pancartas, web, etc.
- 8.- O publicación periódica editada pola Federación reservará ao Concello dúas páxina gratuítas para inserción de información municipal.

SÉTIMA.- De Participación cidadá:

A Federación comprométese a colaborar no desenvolvemento dos órganos que se constitúan para o desenvolvemento do Regulamento de Participación Cidadá e de Distritos, así como a potenciar o cumprimento dos seus obxectivos.

Sen prexuízo da participación da Federación nos consellos sectoriais previstos nos distintos ámbitos e demais órganos municipais ós que teña dereito, a Concellaría de Participación Cidadá manterá periodicamente reunións cos directivos da Federación a fin de posibilitar un coñecemento máis global das inquedanzas do movemento veciñal e da administración municipal nos distintos ámbitos de xestión.

OITAVA.- Mecanismos do seguimento da execución do Convenio:

O mecanismo de seguimento deste convenio establécese en base nas memorias parciais e final que presente a entidade veciñal, sen menoscabo da presenza do persoal do Departamento de Participación Cidadá nas propias actividades que esta determinen.

Correspóndelle a Xefatura de Participación Cidadá do Concello de Vigo, a emisión da certificación que acredite e xustifique o cumprimento do convenio.

A Federación, e en particular os compoñentes da súa xunta directiva, serán os únicos interlocutores válidos ante o Concello de Vigo.

NOVENA.- Réxime financeiro, tramitación dos pagos e liquidación :

1. O Concello de Vigo establece unha contrapartida económica de 54.091€ (Cincuenta e catro mil noventa e un euros), con cargo á partida 463.1.489.00.00, por todos os conceptos e impostos incluídos. Esta cantidade seralle aboada a Federación mediante transferencias bancarias á conta corrente número 0040236959, cód. entidade: 2080, cód. sucursal: O.P. 0000, díx. control: 70.
2. Anticipos a conta: Co fin de facilitar a administración do programa, tramitarase, a petición da Federación de asociacións veciñais “Eduardo Chao”, un anticipo dun 40% con cargo ó total asignado (54.091 € x 40% = 21.636 €). Esta cantidade xustificarese nos 3 meses seguintes á data de ingreso. O 60% restante do orzamento liquidarase fraccionadamente en tres partes dun 20% cada unha.
Con independencia da liquidación final, a xustificación destas entregas á conta, realizarase mediante a presentación das correspondentes memorias parciais comprensivas das actividades e gasto executado ata ese momento.
3. Liquidación final: Unha vez rematadas as actividade/s acordadas e dentro dos trinta días seguintes ó remate da vixencia do período do convenio, presentarase no Rexistro Xeral do Concello a MEMORIA FINAL xunto coa seguinte documentación e información:
 - a) Solicitude de liquidación final.
 - b) Memoria descritiva das actividades e accións realizadas, que conterá os datos da programación desenvolvida, participación, asistentes, usuarios dos servizos, memoria de prensa e comunicación, un exemplar do material gráfico editado por actividade, rexistros fotográficos e audiovisuais, orzamento de gastos e ingresos executados por conceptos económicos de cada actividade e avaliación parcial e global.
No que atinxe ao servizo de asesoría xurídica dirixido en exclusiva ás entidades asociadas á Federación sobre temas derivados do desenvolvemento da súa actividade, así como aquelas consultas de interese xeral realizadas polas súas asociadas, a memoria final conterá: datos das consultas realizadas, asunto, data, tempo empregado, persoa que o solicita, información facilitada, resultados dos asuntos, respostas diferidas a outros asesores, etc.
 - c) Relación de gastos efectuados por cada unha das accións acordadas. Achegaranse os datos do emisor da factura, núm. de CIF/NIF, data, importe con tódos os impostos incluídos e concepto facturado. Tamén se

achegarán as correspondentes facturas orixinais expedidas conforme o art. 3 do R.D. 2402/1985 pola totalidade do gasto comprometido con cargo ó Concello.

d) Copia dos seguros de responsabilidade civil e incendio.

e) Inventario actualizado dos bens mobles e inmobles da Federación, e en particular os do local municipal cedido na Praza da Princesa, deixando constancia do estado da súa conservación.

DÉCIMA.- Causas de resolución do convenio, solución de controversias e réxime xurídico.

O incumprimento do especificado no clausulado do convenio, mesmo por parte das entidades receptoras, poderá significar a cancelación do presente convenio e revogación do acordado.

A non realización total ou parcial das accións obxecto do convenio, ou a falta da debida xustificación e acreditación das cantidades achegadas polo Concello, dará lugar correspondente liquidación e a obriga pola Federación Veciñal Eduardo Chao do reintegro ás arcas municipais das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o momento do seu pago.

A concelleira de Participación Cidadá queda facultada para solucionar en primeira instancia as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Réxime xurídico aplicable: o presente convenio administrativo regularase polas súas propias cláusulas e demais normativa administrativa de aplicación directa e supletoria, e en particular pola lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións no relativo ós procedementos de xestión, xustificación, reintegro, infraccións e sancións; e no seu defecto pola normativa de dereito privado.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia:

A vixencia do convenio será do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2004.

De non existir denuncia expresa previa do mesmo dentro do prazo do mes anterior a súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais tras a solicitude de prorroga da Federación e acordo dos órganos competentes de ambas as dúas entidades. Recolleranse os novos programas e accións para desenvolver, así como as posibles actualizacións das axudas económicas. En todo caso os gastos subordinaranse a existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos do Concello de Vigo.

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de tres anos.

DÉCIMO SEGUNDA.- Final:

Lido por amba as dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano, por cuadruplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

14.(1268)- PREGO DE CONDICIÓN S PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE FOTOCOPIADORAS E IMPRESORAS. EXPTE, 1628/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas redactado pola técnica de sistemas do Servizo de Informática, do 13.07.04, conformado polo xefe de dito Servizo, e o prego de condicións administrativas redactado polo xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.09.04, ambos para a subministración e instalación de fotocopiadoras-impresoras para o Concello de Vigo; visto o informe xurídico de data 22.09.04 e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 16.700 euros para a subministración e instalación de fotocopiadoras-impresoras para o Concello de Vigo que se imputarán á partida 121.6.625.00.00 do presuposto do ano 2004.

2º.- Aprobar o prego de condicións para a subministración e instalación de fotocopiadoras-impresoras para o Concello de Vigo .

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

15.(1269)- PREGO DE CONDICIÓN S PARA A CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS. EXPTE. 1186/335.

Examinadas as actuacións do expediente, vistas as bases técnicas redactadas polo técnico responsable do Servizo de Festas, do 31.08.04, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, do 31.08.04, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, e o prego de condicións administrativas redactado polo xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.09.04, ambos para a contratación da produción das carrozas de Reis do ano 2005; visto o informe xurídico de data 22.09.04, o documento contable acreditando a existencia de saldo para o gasto que se propón realizar e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 50.000 euros para a produción das carrozas e ornamentación do palco da cabalgata de Reis do ano 2005 no concello de Vigo que se imputarán á partida 451.2.226.08.00 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a produción das carrozas e ornamentación do palco da cabalgata de Reis do ano 2005 no concello de Vigo.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

16.(1270)- PREGO DE CONDICIÓNNS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DUCHAS PARA AS PRAIAS. EXPTE. 2701/306.

Examinadas as actuacións do expediente, vistas as condicións técnicas asinadas polo técnico supervisor de Medio Ambiente, do 9.07.04, e o prego de condicións administrativas asinado polo xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 20.08.04, ambos para a subministración de 22 duchas sobre mastil para o Concello de Vigo; visto o informe xurídico de data 20.09.04 e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, conformado polo concelleiro de Medio Ambiente e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto de 30.000 euros para a subministración de duchas para os areas do Concello de Vigo que se imputarán á partida a partida 4533.601.01.02 do presuposto do ano 2004.

2º.- Aproba-lo prego de condicións para a subministración de duchas para os areas do Concello de Vigo.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

17.(1271)- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DEVOLUCIÓN DE CAMIÑO INCLUIDO NO INVENTARIO MUNICIPAL. EXPTE. 16843/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio e Contratación, do 5.08.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

D. Adolfo Agulla Gallego en data 19 de xaneiro de 2004, solicita na representación dos Herdeiros de D. José Agulla Bueses a devolución do terreo sito na Gran Vía, s/n co nº de propiedade municipal nº 000161, ó considerar que o mesmo é de propiedade de ditos herdeiros ò ser o sobrante da parcela segregada da propiedade de José Agulla Bueses co motivo das expropiacións efectuadas para ampliación do vial de Gran Vía.

Pasado o informe técnico do Arquitecto de Patrimonio emítese por éste en data 20 de febreiro de 2004 e 19 de maio de 2004 e no que manifesta que a propiedade municipal 161 do inventario municipal de bens e dereitos foi urbanizada a mediados dos anos 1980 polos servizos municipais, figurando a mesma como expropiada no ano 1954, non identificando a documentación aportada polos reclamantes a natureza da parcela en cuestión.

A teor do informe emitido e dos datos obrantes, pódese deducir que no presente caso, non se aprecia a existencia dun erro na inclusión do Inventario municipal da propiedade nº 161, que figura como de titularidade municipal e sobre a que xa existen antecedentes da súa expropiación no ano 1954 e actuacións urbanizadoras efectuadas sobre a mesma mediante o seu axardinamento e construción dunha escaleira de comunicación entre vías municipais, sen que resulte de modo indubitado da documentación aportada polos reclamantes datos que desvirtúen dita inclusión inventarial, e sen que quepa entrar en cuestións de propiedade que no seu caso deberánse dilucidar ante a xurisdicción ordinaria se procedese .

Por todo iso à Xunta de goberno Local propónse a adopción do seguinte acordo:

Unico.-Desestimar a solicitude de D. Adolfo Agulla Gallego en representación dos herdeiros de D. José Agulla Bueses sobre a inclusión no inventario municipal da propiedade nº 000161, ó non considerar polos motivos expostos nos antecedentes do presente a concorrencia e circunstancias que motiven a rectificación inventarial reclamada.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

18.(1272)- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE ÓS MESES DE ABRIL E AGOSTO DE 2004. EXPTE. 15267/220.

Examinadas as actuacións do expediente visto o informe de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 23.09.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de ABRIL E AGOSTO DE 2004, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se abonará no nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan e que comencan por don Francisco J. Abreu Torres e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 778'00 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relacións que se achegan e que comenza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don Manuel Valado Gómez, por un total e 621'00 horas.
- Policia Local, relacións que se achegan e que comenza por don Constante Alonso Caride e rematan por don Juan Guillermo Vivero Mijares, por un total de 489'00 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega e que comenza por don Francisco Javier Agulla Amorin e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 894'50 horas.

- Conserxería, relacións que se achegan e que comenza por don Francisco Martínez Muñoz e rematan por don José Angel Fernández Alonso, por un total de 66'60 horas.
- Xerencia do Parque Central, relación que se achega e que comenza por don Guillermo Abelleira Porrúa e remata por don Bernardo Rodríguez Lestón, por un total de 45'00 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega de don José José Frojan Villaverde, por un total de 7'00 horas.
- Inspección Vías e Obras, relación que se achega e que comenza por don Eugenio Matilde Viñas e remata por don José Barciela Cea, por un total de 180'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega e que comenza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 126'00 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 23.637'26 € (VINTETRES MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON VINTESEIS CÉNTIMOS)."

19.(1273)- PROXECTO DE INSTALACIÓN DA NOVA REDE DE ABASTECIMENTO NAS RÚAS ROADA, CAMELIAS, LALÍN, COUTADAS E VALVARDA. EXPTE. 41114/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 29.12.04, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar tecnicamente o proxecto “ SUBSTITUCIÓN DE TUBERÍA DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN NAS RÚAS: ROADE, CAMELIAS, LALIN, COUTADAS (TEIS) E VALVARDA” cun presuposto total de inversión de 168.275,36 €_(cento sesenta e oito mil douscentos setenta e cinco euros con trinta e sete euros). ,que inclúe execución das obras e honorarios de redacción do proxecto, todo isto con I.V.E. excluído.

2º.- Notificar dito acordo á empresa concesionaria do servizo “ AQUALIA” para que se proceda a execución das obras.

3º.- Notificar este acordo ós servizos económicos Municipais.

20.(1274)- XUSTIFICACIÓN DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda aprobar a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG	S/FAV.
CRESPO CASAL ALVARO	200400027549	486,12	505,02		18,90
“	200400027548	113,89	54,99	58,90	
GOMEZ OURO BEATRIZ	200400025344	1.024,00	420,16	603,84	
KOWALSKI BIANCHI ANA	200400026824	3.606,06	1.202,02	2.404,04	
ROCHA PARAMES CESAREO	200400027652	300,00	325,56		25,56
SANLUIS COSTAS AVELINO	200400037058	235.480,00	235.480,00		
SOTELO RODRIGUEZ JOSE ANTONIO	200400029416	600,00	362,90	237,10	
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	200400028418	6.000,00	5.999,78	0,22	
TOTAL			244.350,43		

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

21.(1275)- SUBVENCIÓN DA CONCELLERÍA DE TURISMO Á ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA BICICLETA “A GOLPE DE PEDAL” PARA A REALIZACIÓN DA 3ª EDICIÓN DA MARCHA “VIGO, A GOLPE DE PEDAL”.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da coordinadora de Turismo e Comercio de data 24-09-04 conformado pola concelleira de Desenvolvemento Local e Emprego, Turismo e Comercio e así mesmo intervenido e conforme pola Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Conceder unha subvención de 3.000€ (IVE incluído) á Asociación de Amigos da Bicicleta “A Golpe de Pedal”, con CIF: G-36908911, para a organización da 3ª Marcha en Bicicleta “Vigo,

a golpe de pedal”, con cargo á partida 7510 4700201 “Subvención de Actividades”, da Concellería de Turismo do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

Segundo.- A Asociación deberá incluír o logotipo de Turismo de Vigo en todo o material que se edite para a difusión deste evento.

Terceiro.- A concesión da presente subvención non eximirá á devandita asociación de solicitar os correspondentes permisos para a celebración da actividade, así como o pagamento das taxas ou impostos que puidesen corresponder.

Cuarto.- A Asociación de Amigos da Bicicleta “A Golpe de Pedal” será a única responsable da organización da actividade, non existindo ningunha relación contractual nin de responsabilidade con terceiros por parte do Concello polo mero feito de subvencionar a actividade.

Quinto.- En canto ó cobro da subvención, éste estará supeditado ó cumprimento da obriga de aportar facturas orixinais polo importe da subvención concedida, tal e como se esixe na Base 38ª das de execución do Presuposto Municipal para o ano 2003. Asimesmo, as facturas que se presenten, xustificativas da subvención concedida, deberán reunir os requisitos previstos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula a obriga de expedir facturas.”

22.(1276)- PROXECTO BÁSICO DE REFORMA PARA O CENTRO “ACOUGO” NO EDIFICIO DA ANTIGA RESIDENCIA DE SUBOFICIAIS DO EXERCITO DE TERRA DA RÚA RAMÓN NIETO.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Alcaldía de data 30.09.04, que di o seguinte:

Con data 17 de marzo de 2004, a Consellería de Asuntos Sociais e o Concello de Vigo, subscribiron un protocolo de cooperación identificativo das liñas de colaboración comúns orientadas a mellorar as infraestructuras e programas de servizos sociais, con especial atención os dirixidos a persoas e colectivos en risco de exclusión social.

Entre as actuacións previstas figura a mellora e adecuación da antiga residencia de suboficiais do Exército de Terra sita na Avda. de Ramón Nieto, 245 – na actualidade cedida á Fundación Monte do Gozo “Proxecto Home”- para centro de tratamento a persoas externas e internas drogodependentes dentro do programa do Plan Autonómico.

Para a rehabilitación do inmoble indicado, a Fundación Monte do Gozo remite o proxecto dunha fase, que se achega, por un importe de 150.053,00 euros - que figura dentro do proxecto básico que así mesmo se achega- e que esta Alcaldía xestionará financeiramente perante a Consellería citada anteriormente o ter en conta as necesidades que a problemática da droga suscita na nosa cidade.

Para continuar coas xestións xa iniciadas é necesario proceder á aprobación do proxecto técnico denominado “Reforma do centro “Acougo” que presenta á Fundación.

Polo antedito se propón que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

“Prestar aprobación ó proxecto básico de reforma para o centro “Acougo” no edificio da antiga residencia de suboficiais do Exército de terra, sita na Avda. de Ramón Nieto, 245, inmoble de propiedade municipal cedida á Fundación Monte do Gozo – Proxecto Home- e, concretamente, a súa fase de rehabilitación por un importe de 150.253,00 euros, encomendando á Alcaldía-Presidencia as xestións oportunas para súa financiamento pola Xunta de Galicia.”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

23.(1277)- EXPEDIENTE INFORMATIVO E SANCIONADOR CONTRA A DIRECCIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “STA. MARTA” DE CASCO VELLO. EXPTE. 6029/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta do instructor do expediente sancionador iniciado contra o “Colegio Los Milagros S.A.” adxudicatario da xestión do Servizo Escola Infantil Municipal Santa Marta do Casco Vello por acordo da Comisión de Goberno na sesión ordinaria do 15.04.02, que di o seguinte:

1º Con data 16 de xullo de 2004 notificouse o inicio de expediente sancionador a D. José Luis Rey Parente, como representante do Colexio Los Milagros, S L, adxudicatario da xestión da Escola Infantil Municipal Santa Marta de Casco Vello e a Dna. Olga Sanlés Avión, como directora da mesma.

2º Mediante escrito presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo o día 28 de xullo de 2004, D. José Luis Rey Parente en nome e representación de Colexio Los Milagros manifiesta:

- a) que non recusa ao instructor*
- b) que acepta a súa responsabilidade nos feitos*
- c) que ten modificado os horarios para axustalos ao establecido no prego de condicións*

3º Consonte co previsto sobre terminación convencional dos expedientes administrativos no Art. 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parece oportuno que o Colexio Los Milagros S L, resarza ao Concello de Vigo dos pagamentos efectuados sen contrapartida, durante os meses nos que non tivo ao persoal previsto no prego de condicións e na oferta presentada e con base nos prezos ofertados.

Deberá minorizarse, por tanto, do prezo do contrato un total de 6.204,04 Euros, que se corresponden co custo dunha técnica especialista en educación infantil durante cinco horas diarias ao longo de 270 días do curso escolar 2003-2004, máis os correspondentes intereses e outros gastos de xestión ocasionados ao Concello de Vigo por este incumprimento contractual.

Dáselle trámite de audiencia a D. José Luis Rey Parente, como representante legal da empresa “Colexio Los Milagros S.L.” e Dª Olga Sanlés Aviión, como directora da Escola Infantil Municipal “Sta. Marta” de Casco Vello. O día 24 de setembro de 2004 comparece o primeiro e manifesta a súa conformidade coa proposta.

Como quera que o Concelleiro Delegado da Área de Asuntos Sociais non é o órgano competente para aprobar a presente proposta de resolución, senon a Xunta de Goberno Local, segundo se establece no parágrafo 3, cláusula 19 do “Prego de cláusulas administrativas para a contratación por concurso aberto da xestión do servizo da Escola Infantil Municipal “Sta. Marta” de Casco Vello, proponse á Xunta de Goberno Local:

“ Aprobar a minorización de 6204,04 euros no prezo do actual contrato de xestión do servizo da Escola Infantil Municipal Santa Marta do Casco Vello, do que é adxudicatario o “Colexio Los Milagros S L , CIF B 36626109, por acordo da Comisión de Goberno, na súa sesión ordinaria do 15 de abril de 2002, e na prorroga do mesmo vixente entre o 1 de setembro e o 31 de agosto de 2005, acordada pola Xunta de Goberno Local, na sesión do 7 de xuño de 2004.

Reteranse : 2.068,01 euros na factura de xullo de 2004
2.068,01 euros na factura de agosto de 2004
2.068,02 euros na factura de setembro de 2004

Coa retención destes haberes o Concello de Vigo da fín ao presente expediente informativo e sancionador.

Déase conta desta resolución aos interesados, ao centro xestor, á oficina de contratación e á intervención municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

24.(1278)- PROPOSTA DE EXECUCIÓN DE SENTENCIAS DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 E DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 SOBRE ABOAMENTO DE PRODUCTIVIDADE POLOS TRABALLOS DE ELABORACIÓN DE GUÍA DE FUNCIÓNS E VALORACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO. EXPTE. 15282/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 22.09.04, que di o seguinte:

Dase traslado da Sentencia do xulgado do contencioso administrativo nº. 1 de Vigo, de 16 de setembro de 2004, pola que se estima o recurso contencioso administrativo deducido polos funcionarios municipais Sres. D. FRANCISCO JAVIER GUTIERREZ ORUE, D. EZEQUIEL FERNANDEZ CARPINTERO E Dª. SONIA ESTRADA IBAÑEZ, recoñecéndolles en consecuencia o dereito á percepción dunha produtividade polos traballos de elaboración dunha guía de funcións e valoración de postos de traballo, por un importe individual de 5.859,97 euros.

O antedito complemento de produtividade trae causa dunha resolución municipal firme e executiva, dictada pola Alcaldía en data 1.03.02, que non chegou a ser executada, e que a xurisdicción contencioso administrativa declara de obrigado cumprimento.

Signifícase que outra sentenza, neste caso do xulgado do social nº. 2 de Vigo, de data 11.12.03, e que se atopa actualmente recorrida perante o TSXG, pronunciouse en igual sentido que a anterior, recoñecendo o mesmo dereito ao empregado laboral desta Administración Sr. D. EMILIO IGLESIAS ALVAREZ, quen resultou igualmente destinatario do referido complemento de produtividade pola realización dos traballos anteriormente referidos.

Á vista destes antecedentes, conséntase unha unidade de criterios xurisprudenciais nábolos dous ordes xurisdiccionais, o contencioso administrativo e o laboral, que recoñecen o dereito destes empregados laborais a percibir o complemento de produtividade acordado por esta Administración en compensación aos traballos extraordinarios que lles foron ordenados realizar, polo que se intúe un previsible fracaso procesal ante un eventual recurso contra a referida sentenza.

Nesta orde de antecedentes, a Comisión de Goberno resolverá se considera oportuno ou non recorre-la indicada sentenza, se ben entendemos, en aras a evitar posibles condenas en costas e outros efectos indemnizatorios (ex., xuros de mora) que o acordo a adoptar debería pasar polo pronunciamento que se transcribe na seguinte proposta:

- *“Primeiro: Dispoñe-la execución da sentenza do xulgado do contencioso administrativo nº. 1 de Vigo de 16 de setembro de 2004, acordando a non interposición de recurso de apelación contra a mesma.*
- *Segundo: Dispoñe-la execución da sentenza do xulgado do social nº. 2 de Vigo, de 11 de decembro de 2003, acordando o desistimento do recurso de suplicación interposto contra a referida sentenza, na que se recoñecía o dereito do empregado municipal Sr. Iglesias Alvarez ao aboamento dunha produtividade polos traballos de valoración de postos ordenados por esta Administración “ .*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

25.(1279)- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.